3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

4. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar, de maneira motivada, o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

6. No caso de que algún dos documentos que se vai presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

CVE-DOG: jq2ukup8-dfe4-1y77-tsu1-tjboal6npbt1

Artigo 6. *Pagamento anticipado*

1. A persoa solicitante poderá solicitar, no prazo de dez días hábiles desde a notificación da concesión da subvención, o pagamento anticipado, que supoñerá entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, de ata un 50 % da subvención concedida, coa obriga de constituír garantía no caso de subvencións superiores a 18.000,00 euros, nos termos previstos a continuación.

2. A garantía constituirase mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca que deberá alcanzar, como mínimo, ata os dous meses seguintes á finalización do prazo de xustificación previsto nas bases reguladoras ou na convocatoria.

3. A garantía deberá cubrir o 110 % do importe das cantidades aboadas á conta ou das cantidades anticipadas, calquera que sexa o prazo de xustificación previsto na convocatoria.

4. Unicamente serán admisibles as garantías presentadas por terceiros cando o fiador preste fianza con carácter solidario, renunciando expresamente ao dereito de excusión.

5. A persoa avalista ou aseguradora será considerada parte interesada nos procedementos que afecten directamente a garantía prestada nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

6. As garantías deberán constituírse na Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia ou nas súas sucursais, situadas nas delegacións territoriais da consellería competente en materia de facenda.

7. As persoas interesadas deberán achegar xunto coa solicitude de anticipo, anexo X, a declaración doutras axudas, anexo XI, debidamente asinadas e, no caso de que a subvención concedida sexa superior a 18.000,00 euros, deberán achegar, ademais, o resgardo orixinal do depósito da garantía na Caixa Xeral de Depósitos.

8. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada do órgano correspondente.

9. En ningún caso poderán realizarse pagamentos anticipados a persoas beneficiarias cando se solicitase a declaración de concurso, fosen declaradas insolventes en calquera

CVE-DOG: jq2ukup8-dfe4-1y77-tsu1-tjboal6npbt1

procedemento ou se atopen declaradas en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estean suxeitas a intervención xudicial ou sexan inhabilitadas conforme a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Artigo 7. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) DNI ou NIE da persoa solicitante.

b) NIF da entidade solicitante.

c) DNI ou NIE da persoa representante.

d) Imposto de actividades económicas.

e) Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT para subvencións e axudas.

f) Certificado de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Tesouraría Xeral de Seguridade Social.

g) Certificado de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Facenda da Xunta de Galicia.

h) Consulta de concesións de subvencións e axudas.

i) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

j) Consulta de concesións pola regra *de minimis*.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario que corresponda e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

CVE-DOG: jq2ukup8-dfe4-1y77-tsu1-tjboal6npbt1

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Artigo 8. *Órganos competentes*

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención, así como para realizar a proposta de resolución, e corresponderalle á persoa titular da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación ditar a resolución que corresponda, sen prexuízo da delegación noutros órganos.

Artigo 9. *Instrución dos procedementos*

1. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria requirirase a persoa interesada para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fai, se considerará por desistida na súa petición, logo da correspondente resolución.

Este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións obtidas de conformidade co artigo 7 destas bases reguladoras resulta que a entidade solicitante non está ao día no pagamento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma ou coa Seguridade Social, ou no suposto de que sexa necesario achegar calquera outra documentación, logo de aplicarse o disposto na alínea d) do artigo 53.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Sen prexuízo do disposto nos parágrafos anteriores, poderáselle requirir á persoa solicitante que xunte cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarias para a tramitación e resolución do procedemento.

Así mesmo, o órgano instrutor poderá realizar, de oficio, cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

3. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición

CVE-DOG: jq2ukup8-dfe4-1y77-tsu1-tjboal6npbt1

do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

En todo caso, non se admitirán a trámite e procederase a ditar a resolución de inadmisión e arquivamento das solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido no artigo 3 da orde de convocatoria.

Artigo 10. *Audiencia*

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poñeráselles de manifesto ás persoas interesadas para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

2. Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polas persoas interesadas.

Artigo 11. *Resolución e notificación*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, o/a instrutor/a formulará a proposta de resolución que se elevará, a través do órgano instrutor, á persoa titular da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

2. A persoa titular da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, a actuación que se subvenciona e o seu custo, así como a subvención concedida e a súa contía ou, se é o caso, a causa de denegación.

A dita resolución será publicada na web http://ceei.xunta.gal e notificada ás persoas beneficiarias de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 45.1.b) da mesma lei, poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

En ningún caso o importe das subvencións concedidas poderá superar o custo da actividade que desenvolverá a persoa beneficiaria ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable legalmente establecida.

CVE-DOG: jq2ukup8-dfe4-1y77-tsu1-tjboal6npbt1

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ás persoas interesadas será de cinco meses contados a partir do seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes. Se transcorre o prazo máximo para resolver sen que se dite resolución expresa, as/os interesadas/os poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo, de conformidade co artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Nesa notificación comunicarase o importe previsto da axuda, expresado en equivalente bruto de subvención, e o seu carácter de axuda *de minimis*, en aplicación do Regulamento (UE) núm. 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE 24.12.2013, L352/1).

As resolucións de inadmisión ou desestimación de solicitudes notificaranse individualmente, con indicación das súas causas. Non obstante, poderase substituír a dita notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia*, coa indicación de que as persoas non beneficiarias consulten a información detallada da súa resolución nun taboleiro da citada web.

Artigo 12. *Réxime de recursos*

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria porán fin á vía administrativa e contra elas poderanse interpoñer os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición, ante a persoa titular da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa. Se a resolución non for expresa, a persoa solicitante e outras posibles persoas interesadas poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que a resolución debería ter sido ditada.

b) Recurso contencioso-administrativo, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día

CVE-DOG: jq2ukup8-dfe4-1y77-tsu1-tjboal6npbt1

seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 13. *Modificación da resolución*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O órgano competente para a concesión da subvención poderá acordar a modificación da resolución por instancia da persoa beneficiaria, para o cal se cumprirán, en todo caso, os seguintes requisitos:

1º. Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das normas ou bases reguladoras.

2º. Que se acredite a inexistencia de prexuízos a terceiros.

3º. Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de ter concorrido na concesión inicial, non supoñan a denegación da axuda ou subvención.

3. A persoa beneficiaria deberá solicitar a modificación mediante instancia dirixida á persoa titular da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación acompañada da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos sinalados no punto anterior, cun límite de trinta días hábiles antes da data de finalización do prazo de xustificación do investimento subvencionado, sen prexuízo do disposto no artigo 59 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. O acto polo cal se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo órgano concedente despois da instrución do correspondente expediente, en que se dará audiencia ás entidades interesadas na forma prevista no artigo 10 destas bases reguladoras.

Artigo 14. *Renuncia*

A renuncia á subvención, debidamente motivada, poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

CVE-DOG: jq2ukup8-dfe4-1y77-tsu1-tjboal6npbt1

A persoa titular da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21.1 da mesma lei.

Artigo 15. *Obrigas das persoas beneficiarias*

1. Con carácter xeral, son obrigas das persoas beneficiarias as establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En concreto, as seguintes:

1º. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

2º. Xustificar, ante o órgano concedente, o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o desfrute da subvención.

3º. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, ou a calquera outra actuación, xa sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o cal se achegará canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4º. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, especificando aquelas axudas *de minimis* obtidas, para os efectos de poder comprobar o cumprimento do límite cuantitativo a que fai referencia o artigo 1.3 destas bases reguladoras. Así mesmo, comunicar a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

5º. Acreditar, con anterioridade a que se dite a proposta de resolución de concesión, que está ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega, nos termos previstos no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6º. Manter os investimentos subvencionados destinados ao fin concreto para o que se concedeu a subvención durante un período de catro anos desde a súa concesión ou durante a súa vida útil, conforme o establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de

CVE-DOG: jq2ukup8-dfe4-1y77-tsu1-tjboal6npbt1

subvencións de Galicia. O cumprimento deste requisito estará suxeito a comprobacións a criterio do órgano xestor das axudas.

7º. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á persoa beneficiaria en cada caso.

8º. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

9º. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a que se encontren vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

10º. Dar cumprimento á obriga da adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do disposto no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Así mesmo, deben cumprir coas obrigas de información e publicidade que as autoridades competentes establezan relativas ao financiamento do Mecanismo de recuperación e resiliencia, indicadas no artigo 16 destas bases reguladoras.

2. Así mesmo, son obrigas das persoas beneficiarias as relativas ao financiamento do Mecanismo de recuperación e resiliencia da Unión Europea. En concreto, as seguintes:

1º. Someterse ás actuacións de control das institucións da Unión en virtude do artigo 22.2.e) do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro.

2º. Recadar, para efectos de auditoría e control do uso de fondos e en formato electrónico, as categorías harmonizadas de datos recollidas no artigo 22.2.d) do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro. Os ditos datos serán incorporados nunha base de datos única.

3º. Ser responsable da fiabilidade e o seguimento da execución das actuacións subvencionables, de maneira que poida coñecerse en todo momento o nivel de consecución de cada actuación.

CVE-DOG: jq2ukup8-dfe4-1y77-tsu1-tjboal6npbt1

4º. Establecer mecanismos que aseguren que as actuacións que van desenvolver terceiros contribúen ao logro das actuacións previstas e que os ditos terceiros acheguen a información que, de ser o caso, sexa necesaria para determinar o valor dos indicadores, fitos e obxectivos pertinentes do plan de recuperación.

5º. Asumir o mantemento dunha adecuada pista de auditoría das actuacións realizadas no marco desta subvención e a obriga de mantemento da documentación soporte.

6º. Ter a obriga de asegurar a regularidade do gasto subxacente e a adopción de medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir a fraude e a corrupción, previr o conflito de interese e o dobre financiamento.

7º. Manter un rexistro e conservar os documentos da actividade financiada polo Mecanismo de recuperación e resiliencia, os datos estatísticos e demais documentación que concirna ao financiamento, así coma os rexistros e documentos en formato electrónico durante un período de cinco anos a partir do pagamento do saldo ou, na falta do dito pagamento, da operación. Este período será de tres anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60.000 euros, de acordo co establecido no artigo 22.2 letra f) do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e ao artigo 132 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018.

8º. No deseño e execución das actuacións subvencionadas, garantir o respecto ao principio de «non causar un prexuízo significativo» ou segundo as súas siglas en inglés «DNSH» de *Do Not Substancial Harm* conforme o previsto no Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia, e a súa normativa de desenvolvemento, en particular a Comunicación da Comisión, Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia, así como co requirido na Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España, así como cumprir coa normativa ambiental autonómica, estatal e comunitaria (anexo VI).

9º. Cumprir coas obrigacións relacionadas coa cesión e o tratamento de datos sobre a execución de actuacións do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) e de compromiso en relación coa execución de actuacións do mesmo plan (PRTR), coa finalidade de cumprir cos puntos 2 e 3 do artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021 (anexo VII).

CVE-DOG: jq2ukup8-dfe4-1y77-tsu1-tjboal6npbt1

10º. As obrigas relacionadas co compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR (anexo VIII).

11º. En caso de adquirir equipamentos de tecnoloxías de información permitidos, asegurarse de que estes cumpran cos requisitos relacionados coa enerxía establecidos de acordo co disposto no Real decreto 187/2011, do 18 de febreiro, relativo ao establecemento de requisitos de deseño ecolóxico aplicables aos produtos relacionados coa enerxía para servidores de computadoras ou pantallas electrónicas. Nestas adquisicións activar medidas para asegurar a compra daqueles equipamentos enerxeticamente eficientes, que sexan absolutamente respectuosos co Código de conduta para as TIC da Comisión Europea, e tomar medidas para que aumente a durabilidade, a posibilidade de reparación, de actualización e de reutilización dos produtos, dos aparellos eléctricos e electrónicos implantados.

Artigo 16. *Obrigas específicas de publicidade*

1. De acordo co artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, os perceptores de fondos da Unión farán mención da orixe deste financiamento e velarán por darlle visibilidade, incluído, cando cumpra, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiamento adecuado que indique «financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU», en particular, cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público.

En concreto, as persoas beneficiarias das axudas estarán obrigadas a dar publicidade e identificar a participación das administracións públicas no financiamento dos proxectos e actividades subvencionables. Esta difusión realizarase de conformidade coas prescricións contidas no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da dita lei, e no Acordo de financiamento entre a Comisión Europea e o Reino de España na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

2. Para o adecuado cumprimento do previsto no artigo 10 do Acordo de financiamento, en todos os proxectos e subproxectos que se desenvolvan en execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia en carteis informativos, placas, publicacións impresas e electrónicas, material audiovisual, páxinas web, anuncios e insercións en prensa, certificados, etc. deberanse incluír os seguintes logos que poden encontrarse no enlace https://planderecuperacion.gob.es/identidad-visual:

CVE-DOG: jq2ukup8-dfe4-1y77-tsu1-tjboal6npbt1

1º. O emblema da Unión Europea.

2º. Xunto co emblema da Unión, incluirase o texto «Financiado pola Unión Europea-Next-Generation EU» xunto ao logo do PRTR.

3º. Teranse en conta as normas gráficas e as cores normalizadas establecidas no anexo II do Regulamento de execución 821/2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ás modalidades concretas de transferencia e xestión das contribucións do programa, a presentación de información sobre os instrumentos financeiros, as características técnicas das medidas de información e comunicación das operacións, e e o sistema para o rexistro e o almacenamento de datos. Tamén se puíde consultar a seguinte páxina web: http://publications.europa.eu/code/es/es-5000100.htm e descargar distintos exemplos do emblema en: https://europa.eu/european-union/about-eu/symbols/flag_es#download

Toda a información relativa ao financiamento deberá colocarse nun lugar ben visible e accesible ao público, así como adecuarse á actuación subvencionada tanto na súa forma como na súa duración.

Para os efectos do cumprimento da obriga establecida no artigo 15 destas bases reguladoras, no caso de actuacións anteriores á data da publicación desta orde de convocatoria, as persoas beneficiarias deberán dar publicidade do financiamento do proxecto mediante carteis informativos, placas, publicacións impresas e electrónicas, material audiovisual, páxinas web, anuncios e insercións en prensa, certificados etc. cos logos e lendas establecidas neste artigo.

Artigo 17. *Subcontratación*

Enténdese que unha persoa beneficiaria subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúa o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incorrer a persoa beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Será de aplicación o disposto nos artigos 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

Faise especial indicación de que as persoas ou entidades subcontratadas non poderán estar vinculadas coa persoa solicitante salvo que concorran as seguintes circunstancias:

1ª. Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.

2ª. Que se solicite e conceda a súa autorización previa.

Artigo 18. *Xustificación da subvención*

1. O pagamento da subvención quedará condicionado á presentación, na forma sinalada no artigo 7 da convocatoria e ata o 29 de setembro de 2023, dunha copia da seguinte documentación:

a) Memoria xustificativa das actuacións desenvolvidas, asinada, que deberá conter:

– Unha memoria sobre o cumprimento das condicións e a finalidade para a que se concedeu a subvención en que se describa de maneira detallada cada unha das actuacións levadas a cabo e as datas en que se executaron cunha avaliación de resultados obtidos.

b) Memoria económica xustificativa do custo das actuacións desenvolvidas, asinada, que deberá conter:

– Unha relación clasificada por actuacións e conceptos, dos gastos das actuacións desenvolvidas, con indicación do acredor, o tipo de documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento (anexo XII).

– Os xustificantes dos investimentos: facturas dos provedores e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil e con eficacia administrativa nos termos que se establezan regulamentariamente (importe sen IVE e importe total), en relación cos gastos subvencionables, emitidas dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 29 de setembro de 2023.

No concepto deberase incluír, ademais da descrición dos gastos, a seguinte indicación: «Programa de modernización do comercio: Fondo Tecnolóxico (C13. I4)», agás no caso de actuacións anteriores á data de publicación desta orde de convocatoria.

Os gastos xustificaranse con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa, pagados, en orixinal ou copias auténticas electrónicas.

CVE-DOG: jq2ukup8-dfe4-1y77-tsu1-tjboal6npbt1

Cando a persoa beneficiaria non dispoña de facturas electrónicas para a xustificación da subvención, deberá achegar unha copia auténtica electrónica dos documentos orixinais en papel, de acordo cos procedementos que establece a normativa vixente.

No obstante, neste procedemento admitiranse os documentos en papel ou copias debido a circunstancias funcionais e/ou tecnolóxicas derivadas da implantación progresiva por parte da Administración xeral da comunidade autónoma en relación coa organización da emisión das copias auténticas electrónicas.

– A xustificación dos pagamentos: acreditarase a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento comprendido entre a data de inicio do proxecto e a data límite da xustificación do proxecto. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento, así como o número de factura obxecto do pagamento e a súa data. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

Así mesmo, non se admitirán como xustificantes os obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria ou dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da dita entidade bancaria.

c) No caso de que as persoas se opoñan expresamente á consulta dos datos, certificacións expedidas polos organismos competentes, acreditativas de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma. Se o certificado dispón de código electrónico de verificación coa Administración pública correspondente, poderase presentar copia do dito documento.

d) Declaración responsable doutras axudas (anexo XI).

e) Declaración responsable de ausencia de conflito de intereses (DACI) (anexo IX).

f) Material fotográfico ou gráfico que evidencie a realización das actuacións e da publicidade establecida no artigo 16 destas bases reguladoras.

2. Os órganos competentes da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación dos investimentos que consideren convenientes, así como para dar cumprimento adecuado ao sistema de xestión do PRTR, informando do que sexa preciso para alimentar o dito sistema, así como as aplicacións informáticas ou bases de datos que a normativa autonó-

CVE-DOG: jq2ukup8-dfe4-1y77-tsu1-tjboal6npbt1

mica, nacional ou europea prevexa para a xestión, o seguimento e o control do financiamento e os obxectivos.

Artigo 19. *Pagamento*

1. Unha vez recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, antes de proceder ao seu pagamento, comprobarán a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actuación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión e, de ser o caso, realizarán as actuacións de comprobación materiais para verificar o cumprimento da actividade subvencionada.

2. O libramento da subvención aboarase nun único pagamento, mediante transferencia bancaria á entidade financeira ao número de conta designado pola persoa beneficiaria.

3. As subvencións minoraranse proporcionalmente se o investimento xustificado é inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión, sempre que estea garantida a consecución do obxecto.

Artigo 20. *Incumprimento, reintegros e sancións*

1. Nos supostos de falta de xustificación, de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou de incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención, incluíndo a data en que se acorde a procedencia do reintegro.

Procederá o reintegro parcial da axuda concedida cando, ao non cumprir a obriga establecida no artigo 15.1 destas bases reguladoras de manter a actividade durante catro anos, se aproxime de maneira significativa a ela, entendendo como tal ter mantido a actividade durante, polo menos, corenta meses e que a persoa beneficiaria acredite unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos. A contía que se reintegrará será proporcional ao tempo que reste para o cumprimento dos catro anos.

2. O procedemento para declarar a procedencia da perda deste dereito será o establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CVE-DOG: jq2ukup8-dfe4-1y77-tsu1-tjboal6npbt1

3. Incumprimento parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomados en conta na concesión das axudas, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumprida na resolución de concesión e, se é o caso, establecendo a obriga de reintegro.

O alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberanse reintegrar as cantidades percibidas na dita proporción.

Para os efectos do disposto no parágrafo anterior, deberase reintegrar o total da cantidade percibida para unha o varias actuacións establecidas no artigo 4 destas bases reguladoras cando o cumprimento de cada unha delas non acade o 60 % do investimento subvencionado.

4. Ás persoas beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da dita Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 21. *Control e medidas antifraude*

1. A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Á parte do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

3. Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación cos proxectos financiados con cargo a fondos procedentes da Unión Europea, como é o caso, poderá pór os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da Administración do

CVE-DOG: jq2ukup8-dfe4-1y77-tsu1-tjboal6npbt1

Estado, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo, a través da canle habilitada na web https://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf. Sen prexuízo disto, tamén poderá empregar a canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude que terá a súa sede no Sistema integrado de atención á cidadanía (SIACI) (https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES).

A detección de irregularidades pode implicar a aplicación de correccións financeiras e a solicitude de devolución dos importes percibidos indebidamente, segundo o establecido no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

4. Coa finalidade de dar cumprimento ás obrigas que o artigo 22 do Regulamento (UE) núm. 241/2021 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, impón a España en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión como beneficiaria dos fondos do MRR, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo dispón dun plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude co fin de garantir que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes se utilizaron de conformidade coas normas aplicables, en particular no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, da corrupción e dos conflitos de intereses, segundo o estipulado no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021 do 29 de setembro.

O dito plan divulgárase a través do portal de transparencia da Xunta de Galicia.

Artigo 22. *Publicidade*

No prazo máximo de tres meses, contados desde a data de resolución da concesión, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas, con indicación da norma reguladora, a persoa beneficiaria, o crédito orzamentario, a contía e a finalidade da subvención.

Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia* e será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

CVE-DOG: jq2ukup8-dfe4-1y77-tsu1-tjboal6npbt1

Artigo 23. *Remisión normativa*

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Regulamento desta lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia vixente na anualidade; no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE 24.12.2013, L352/1), o Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19; no Regulamento (UE) núm. 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia; na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, así como no resto de normas da Unión Europea sobre a materia e estatais de desenvolvemento ou transposición daquelas.

CVE-DOG: jq2ukup8-dfe4-1y77-tsu1-tjboal6npbt1

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

ANEXO II

| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DE PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|---|---|---|
| SUBVENCIÓNS PARA O PROGRAMA DE MODERNIZACIÓN DO COMERCIO: FONDO TECNOLÓXICO, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU | CO300G | SOLICITUDE |

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

| NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
|---|---|---|---|
| | | | |

| TIPO | NOME DA VÍA | NÚM. | BLOQ. | ANDAR | PORTA |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |

| PARROQUIA | LUGAR |
|---|---|
| | |

| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE |
|---|---|---|---|
| | | | |

| TELÉFONO 1 | TELÉFONO 2 | CORREO ELECTRÓNICO |
|---|---|---|
| | | |

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

| NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
|---|---|---|---|
| | | | |

**DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal (https://notifica.xunta.gal).

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

| TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO |
|---|---|
| | |

**DATOS BANCARIOS**

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

| TITULAR DA CONTA | NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS) | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | IBAN | | | | | | |

SEDE ELECTRÓNICA https://sede.xunta.gal Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: jq2ukup8-dfe4-1y77-tsu1-tjboal6npbt1

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

ANEXO II
(continuación)

## TIPO DE PERSOA SOLICITANTE

○ PERSOAS AUTÓNOMAS E PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS COMERCIAIS

○ Comerciante retallista
○ Comerciante maiorista
○ Outros/as comerciantes sen establecemento comercial

○ Con establecemento comercial
○ Sen establecemento comercial

Nome comercial

Páxina web

Nº de locais

CNAE

IAE principal

○ ASOCIACIÓNS DE COMERCIANTES

○ Asociación de comerciantes de ámbito municipal
○ Asociación de persoas vendedoras de prazas de abastos
○ Federación de comerciantes

N° total asociados

N° comercios asociados

○ Provincial
○ Autonómica

N° total asociados

## DATOS DO ENDEREZO DO ESTABLECEMENTO OU DOMICILIO FISCAL DA PERSOA SOLICITANTE

○ **Persoa solicitante con establecemento comercial**

ENDEREZO DO ESTABLECEMENTO

| TIPO | NOME DA VÍA | NÚM. | BLOQ. | ANDAR | PORTA |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |

| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE |
|---|---|---|---|
| | | | |

○ **Persoa solicitante sen establecemento comercial**

DOMICILIO FISCAL DA PERSOA SOLICITANTE

| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE |
|---|---|---|---|
| | | | |

SEDE ELECTRÓNICA https://sede.xunta.gal Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: jq2ukup8-dfe4-1y77-tsu1-tjboal6npbt1

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

ANEXO II
(continuación)

DATOS DAS ACTUACIÓNS E INVESTIMENTOS SOLICITADOS

| Persoa beneficiaria | Programa | Actuación | Importe investimento (sen IVE) | Subvención (90 %) |
|---|---|---|---|---|
| ○ Persoas autónomas e pequenas e medianas empresas comerciais | ☐ *Smart Retail* | Software de xestión de experiencia da clientela (aplicacións big data e análise de datos) | | |
| | | Etiquetado electrónico para lineais de venda | | |
| | | Tecnoloxía de control stocks e tecnoloxía RFID | | |
| | | Xestor de colas automatizado | | |
| | | Sistemas de *click and collect* e *locker* dixitais | | |
| | | Probadores interactivos | | |
| | | Software para a xestión loxística do *e-commerce* | | |
| | | Solucións de ciberseguridade | | |
| | | Asistentes virtuais e sistemas dixitais interactivos (*chatbots*) | | |
| | | Aplicacións para dispositivos móbiles (*m-commerce*) | | |
| | | Terminais de autopagamento para a clientela | | |
| | | SUBTOTAL | | |
| | ☐ Visual *merchandising* | Escaparates virtuais con ou sen interacción coa clientela | | |
| | | Estantes virtuais | | |
| | | Pantallas e mesas interactivas | | |
| | | Tótems publicitarios | | |
| | | *Encerados* dixitais | | |
| | | Aplicacións de realidade virtual e aumentada | | |
| | | SUBTOTAL | | |
| | ☐ *Green Store* | Portas automáticas con sensores de proximidade que redunden nunha mellora da eficiencia enerxética no ámbito térmico do local | | |
| | | Sistemas de iluminación enerxeticamente eficientes e sensores de presenza para a regulación automática de luces que melloren e optimicen o consumo de enerxía eléctrica | | |
| | | Sistemas de climatización enerxeticamente eficientes | | |
| | | SUBTOTAL | | |
| PERSOAS AUTÓNOMAS E PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS COMERCIAIS - TOTAL | | | | |
| ○ Asociacións de comerciantes | Mupis dixitais, interactivos ou non, de sinalización e promoción das áreas comerciais en espazos públicos | | | |
| | Ferramentas dixitais colaborativas entre os asociados | | | |
| | Sistemas de *click and collect* e *lockers* dixitais | | | |
| | Redes wifi nas áreas comerciais | | | |
| | Redución de insumos por parte dos comercios e das persoas consumidoras nos establecementos mediante a implantación de alternativas respectuosas co ambiente | | | |
| | Elaboración e posta en marcha de procesos ecoeficientes para a correcta separación dos residuos e a súa posterior reciclaxe e valoración que inclúa a participación de todos os asociados | | | |
| | Proxectos de aplicación de solucións tecnolóxicas conxuntas para mellorar a eficiencia no consumo enerxético que inclúan a participación de todos os asociados | | | |
| | ASOCIACIÓNS DE COMERCIANTES - TOTAL | | | |

SEDE ELECTRÓNICA https://sede.xunta.gal Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: jq2ukup8-dfe4-1y77-tsu1-tjboal6npbt1

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

ANEXO II
(continuación)

## DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

**1.1. Liña de axuda destinada a persoas autónomas e pequenas e medianas empresas comerciais**

☐ Agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado sen personalidade xurídica, os compromisos de execución asumidos por cada persoa integrante da agrupación e o importe de subvención que se aplicará por cada unha, de ser o caso (anexo IV) (artigo 5.1.1.1.c)

☐ Declaración responsable do cumprimento das condicións para o acceso a axuda (anexo III) (artigo 5.1.1.1.d)

☐ Informe emitido pola Seguridade Social de todos os códigos de conta de cotización da persoa solicitante no que figure o número de persoas traballadoras na data de presentación de solicitudes ou acreditación de non estar inscrita como empresario/a, se é o caso. (artigo 5.1.1.1.e)

| | ÓRGANO | CÓD. PROC. | ANO |
|---|---|---|---|
| ☐ Acta, escritura ou documento de constitución, estatutos e modificación deles, debidamente legalizados, se é o caso (artigo 5.1.1.1.a) | | | |
| ☐ Documento acreditativo de poder bastante para actuar ante a Administración da persoa representante legal da persoa solicitante ou o modelo de representación para procedementos ante a Xunta de Galicia que figura na sede electrónica, debidamente cuberto e asinado (artigo 5.1.1.1.b) | | | |

**1.2. Liña de axudas destinada a asociacións de comerciantes**

☐ Composición actualizada da xunta directiva da entidade asociativa (artigo 5.1.1.2.c)

☐ Declaración responsable da persoa que ten a presidencia ou a representación da entidade solicitante de ter aprobadas as contas anuais pola xunta directiva da entidade asociativa nos tres últimos exercicios previos a esta orde de convocatoria (anexo III) (artigo 5.1.1.2.d)

☐ Declaración responsable da persoa que ten a presidencia ou a representación da entidade solicitante do número total de membros asociados e do número de comercios asociados (anexo III) (artigo 5.1.1.2.e)

☐ Listado dos comercios asociados (artigo 5.1.1.2.e)

☐ De solicitar mupis dixitais, comunicación ao concello da súa instalación (artigo 5.1.1.2.f)

| | ÓRGANO | CÓD. PROC. | ANO |
|---|---|---|---|
| ☐ Acta e estatutos de constitución e modificacións posteriores e acreditación da súa inscrición no rexistro correspondente, se é o caso. (artigo 5.1.1.2.a) | | | |
| ☐ Poder suficiente da persoa representante da entidade solicitante (artigo 5.1.1.2.b) | | | |

**Documentación común ás liñas 1.1 e 1.2**

☐ Memoria detallada de cada unha das actuacións para as cales se solicita a subvención (anexo V) (artigo 5.1.1.3.a)

☐ Facturas ou, na súa falta, facturas *pro forma* ou orzamento detallado de gastos previstos para a realización de cada unha das actividades para as cales se solicita subvención (artigo 5.1.1.3.b)

SEDE ELECTRÓNICA https://sede.xunta.gal Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: jq2ukup8-dfe4-1y77-tsu1-tjboal6npbt1


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

ANEXO II
(continuación)

## DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE (continuación)

**De concorreren os requisitos do artigo 5.1.1.3 b) (cando o importe do gasto supere as contías para o contrato menor establecidas na Lei 9/2017) achegarase a seguinte documentación:**

☐ De concorreren os requisitos do artigo 5.1.1.3 b) (cando o importe do gasto supere as contías para o contrato menor establecidas na Lei 9/2017) achegarase a seguinte documentación:
Memoria económica xustificativa da elección dos provedores, nos seguintes casos:
• Cando a elección do provedor non recaia na oferta económica máis vantaxosa, das tres que como mínimo obtivo a entidade solicitante.
